

¿Educación?: Cidadanía, docencia ou información.

Manuel Torres Cubeiro¹.

“non existe ningunha posibilidade de motivar aos individuos particulares que se educan para que acepten a intención educativa do docente e para que orienten o seu comportamento conforme a expectativa do docente... O docente non sabe cal é o efecto real que pode lograr co seu comportamento pedagóxico: el só observa o comportamento do alumno conforme as súas propias expectativas” Giancarlo Corsi, Esposito, Elena y Baraldi, Claudio 1996 (1995) *Glosario sobre la teoría social de Niklas Luhmann*. Barcelona: Anthropos Universidad Iberoamericana.

A función social da educación² é transmitir as expectativas comunicativas básicas entre xeracións, establecendo vínculos entre pasado, presente e futuro. Sen entrar en valoracións éticas ou filosóficas, educar é facer probable a continuidade social, ou dicíndoo doutro xeito, reproducir as estruturas sociais que permiten a existencia da propia sociedade. Tamén é evidente socialmente que a función reproductiva do sistema social da educación sempre fracasa: non aí sistema social que teña permanecido exactamente igual. É imposible que a intención pedagóxica funcione, e, sen embargo, sen sistema educativo, a sociedade é impensable. Esta é a paradoxa básica na que temos que traballar os docentes: *¡imprescindible labor aínda que imposible!*

Temos ademais que a ilustración europea do século XVIII colocou, do lado da educación, o peso da cidadanía. Só unha sociedade na que tódolos individuos teñan as mesmas oportunidades é unha sociedade plenamente humana. A clave desta utopía da igualdade de dereitos foi situada na educación: se difundimos a razón, se formamos individuos ben informados, a explotación, a escravitude, a guerra desapareceran diluídas nas luces ben intencionadas da racionalidade científica. Ser cidadán é ser educado e educar. Os dereitos civís, políticos ou sociais das chamadas democracias contemporáneas descansan inequivocamente na función educativa. Esta contradicción é definitoria do significado da cidadanía: *¡formado, ou non cidadán!* E dicimos

¹ A intención da presente comunicación é ordear algunhas ideas en base a inqedanzas, lecturas e frustracións. As vosas críticas, comentarios, protestas ou enfados forman parte necesaria dela. Podedes envía-los a: mtorres66@telefonica.net.

² Nesta comunicación vou seguir a socioloxía de sistemas de Niklas Luhmann. Pódense ver os fundamentos da súa filosofía nas seguintes obras: N. Luhmann 1991 (1984) *Sistemas sociales. Lineamientos para una teoría general*. Madrid: Alianza; 1996 (1992) *Introducción a la teoría de sistemas*. Barcelona: Anthropos Universidad Iberoamericana; 2000 (1996) *La realidad de los medios de masas*. Barcelona: Anthropos Universidad Iberoamericana.

contradicción porque: ¿quien é o que decide o valor dunha opinión nunha democracia de masas?

Existe unha contradicción maior aínda, superposta e relacionada coas xa sinaladas. Esta terceira contradicción está na universalidade do uso da información nos medios de comunicación de masas. Os medios de comunicacións de masas parecen ter asumido as funcións, tanto da educación, como da cidadanía formada e formadora. O problema é que estes mesmos medios de comunicación son parte interesada na conservación do sistema social tal e como existe. Estar formado é, no mundo globalizado, ser capaz de non saber. Informarse é vivir na desinformación, é vivir na sospeita permanente de toda información. Informarse é, polo tanto, vivir basicamente observando a desinformación. *¡Informarse é sospeitar!*

Nesta comunicación pretendemos pensar en alto sobre o papel do cidadán e do docente no mundo dos medios de comunicación de masas. Partimos dunha breve reflexión sobre a realidade creada polos medios de masas. Inspirámonos nunha das últimas obras escritas polo sociólogo alemán Niklas Luhmann. A continuación tentamos usalos seus plantexamentos para pensar a relación contradictoria existente entre educación, cidadanía e medios de comunicación de masas. Rematamos, a modo de conclusión, con catro teses desde as que pensar esas contradiccións.

A realidade dos medios de masas³.

Niklas Luhmann (1927-1998) é un sociólogo alemán escasamente coñecido, utilizado ou citado na filosofía e socioloxía española. Quizás pola dificultade extrema, orixinalidade e sistematicidade dos seus conceptos, ou pode que polas seus orixes no funcionariado da xustiza alemana, ou seguramente pola súa disputa con Jürgen Habermas⁴, Luhmann foi considerado como un pensador de “dereitas”, e,

³ Sigo a continuación a obra, xa citada, de N. Luhmann 2000 (1996) *La realidad de los medios de masas*. Barcelona: Anthropos Universidad Iberoamericana.

⁴ Habermas, Jürgen 1989 (1985) *El discurso filosófico de la modernidad*. (Doce lecciones). Madrid: Taurus; Niklas Luhmann y Habermas, Jürgen 1971 *Theorie der Gesellschaft oder Sozialtechnologie, Was leistet die Systemforschung?* Frankfurt: Suhrkamp.

automaticamente, esquecido polos pensadores ben pensantes españois. Nada máis lonxe das intencións teóricas de Luhmann, e creo que bastarán dous o tres apuntes para desmentir esta falsa impresión.

Luhmann quixo, de xeito consciente, construír unha teoría que cumprira dous requisitos: primeiro, quería unha teoría sistemática⁵; e, segundo, quería unha teoría que permitira explicar e *describir a complexidade social contemporánea sen preconcebir o ser humano como un obxecto encerrado na gaiola de ferro dourado da sociedade*⁶. Para cumprir con esta dobre esixencia, Luhmann adoptou unha epistemoloxía pouco coñecida: a lóxica cibernética de segunda orde⁷. Unha vez asumida a radicalidade do constructivismo que supón esta epistemoloxía, Luhmann constrúe, sobre este constructivismo, a súa Ciencia da Sociedade. Tendo en conta isto, esbozamos primeiro as claves da súa epistemoloxía, deténdonos especialmente no concepto de observación. A continuación debuxamos, a grandes trazos, os desenvolvementos sociolóxicos da teoría de sistemas sociais de Luhmann. Percorreremos só os trazos necesarios para comprender a súa análise dos medios de comunicación de masas.

A epistemoloxía luhmaniana parte de que, para observar, é necesario establecer unha distinción, e, situarse, ao mesmo tempo, nun dos lados da distinción. Cun exemplo quedará un pouco máis claro. Se observamos a Xosé comportarse, e afirmamos: “Xosé é un mal cidadán”, o facer esta observación baseámonos nunha distinción: a diferenza entre un bo e un mal cidadán. Pero, ao mesmo tempo, situámonos do lado dos bos cidadáns, tranquilizamos a nosa conciencia e xulgamos o comportamento de Xosé. Observar é polo tanto situarse na realidade e xulgala. Non existe observación inocente.

⁵ En crítica directa os temores contra os sistemas tipo Hegel ou Husserl.

⁶ En crítica directa a tódalas socioloxías anteriores por non explicar a complexidade social e supoñer de xeito non teóricamente sistemático a liberdade individual: desde a socioloxía do seu mestre Parsons ata as socioloxías máis clásicas de Durkheim ou Weber, pasando polas propostas de Habermas.

⁷ A millor expresión desta lóxica podédela encontrar na obra de Spencer-Brown, G. 1979 (1969) *Laws of form*. New York: Dutton.

Toda observación ten como punto inobservable esa distinción. Luhmann entende que é precisamente esa distinción a que permite observar. Igual que o ollo non pode ver o seu punto cego (a retina e os límites da súa visión), cando observamos, non nos damos conta da distinción que facemos, e do lado da distinción no que irremediamente nos colocamos. Se ao observar o malo que é Xose non nos situáramos do lado dos bos cidadáns, ¿poderíamos ter feito a nosa observación? Só vemos, por así dicilo, o que somos capaces de ver. Pero Luhmann establece unha segunda posibilidade: a observación de segunda orde.

Só se observamos a alguén observando podemos ver a distinción coa que esta traballando. Volvamos ao exemplo: se observamos a Roberto falando do mal cidadán que é Xosé, nós podemos ver o que Roberto non ve. Ao miralo observar poderemos vela distinción coa que opera e o lado no que Roberto se sitúa. Só se miramos desde fora, podemos darnos conta de que, ao mesmo tempo que observamos o mal educado que é Xosé, colocámonos do lado dos bos cidadáns ben educados. A esta observación chamarémoslle observación de segunda orde. Luhmann asume a imposibilidade dunha perspectiva tipo deus: a obxectividade está, de existir tal cousa, na multiplicación de observación sen privilexio, aparente, de ningunha.

O segundo paso da teoría de Luhmann está encadeado co anterior. Luhmann entende que a sociedade está composta de comunicacións, non de persoas, individuos ou seres humanos. A sociedade é a suma de tódalas comunicacións con sentido posibles. A sociedade é o sistema que fai posible a *coordinación entre seres humanos, nun contexto de crecente complexidade, a través da comunicación*. O sistema social naceu como un logro evolutivo ante a complexidade das necesidades dos grupos humanos. Neste instante no que escribo eu, participo na sociedade na medida na que renegocio expectativas, no acto mesmo de comunicarme cos meus posibles lectores. E sendo

sempre máis probable que non me entendan que que me entendan, aseguro o éxito comunicativo usando significados comúns. O sistema social cumpre a *función de facer posible a interdependencia natural entre os homes, e o fai ao xerar expectativas comunicativas que se resolvan con éxito*. Comunícome na medida en que elixo facelo e o meu lector fai o esforzo por entenderme, e o facelo, intercambiamos sentido e expectativas. A sociedade é o sistema que fai posible que esa comunicación teña éxito. E o fai ao asegurarse que a comunicación sexa con sentido, mediante reiteradas repeticións dun mesmo sentido, repetíndoo ata que teña sentido e se converta nun lugar común.

Luhmann coloca o ser humano individual (orgánico) fora do sistema social: a conciencia e os nosos corpos non forman parte da sociedade. Son a súa base constitutiva pero están fora do sistema social. Os homes son, na concepción luhmaniana, algo exterior aos sistemas sociais. Aos sistemas sociais os seres humanos só lles provocamos irritación, e dese xeito os cambiamos (a liberdade humana, unha das esixencias da proposta de Luhmann, queda plena e teoricamente definida). Por así dicilo, homes e sociedades están nunha relación ecolóxica simbiótica na que os cambios nun, provocan cambios no outro.

É dicir, para Luhmann a sociedade é “só” un sistema complexo de observacións comunicadas e repetidas en constante perigo de cambio. O sistema social é o artefacto funcionando para asegurar, por repetición creadora de sentidos, a reprodución das estruturas sociais, e, engade Luhmann, os cambio das mesmas. Por exemplo, no século XIX comezaron a aparecer reivindicacións do voto feminino. O sistema social asegurouse de impedir o éxito da iniciativa das sufraxistas ao mesmo tempo que só no interior do mesmo sistema tivo sentido a reivindicación. Se o sistema social é o conxunto de comunicacións que naquel momento permitiron opoñerse ó sufraxio

feminino en base a cultura vixente, o sistema social é ao mesmo tempo, pola repetición das reivindicacións, o “lugar” no que a petición do voto feminino foi escoitada, primeiro para negala, posteriormente para aceptala. Por así dicilo, o sistema social provocou, no fallo da educación que supuxeron as sufragistas, o seu propio cambio. Para Luhmann o sorprendente non é que a sociedade cambie, o sorprendente sería que funcione sempre igual. Unha teoría que afirme e explique só o cambio social, ou só a permanencia das mesmas estruturas, será sempre unha descrición da sociedade pouco fiel á *complexidade social e a súa evolución*.

A sociedade é polo tanto un sistema no que as observacións son comunicadas para permitir máis comunicacións. Ademais Luhmann entende que a sociedade contemporánea é altamente complexa con subsistemas que cumpren funcións parciais: o sistema médico sandar e asegurar a persistencia da comunicación; o sistema político asegurar a efectividade das decisións no reparto do poder; e, entre outros subsistemas, os medios de comunicación de masas encárganse de *construír e describir de forma crible a realidade nunha situación de alta complexidade*. A función dos sistemas de comunicación de masas é repetir as informacións ata conseguir que teñan sentido, e, o facelo nunha sociedade altamente complexa, asegurarse do éxito da comunicación. Pénsese na repetición constante das bondades do Plan Galicia tras o desastre ecolóxico do Prestige e entenderase o éxito da comunicación nos medios de masas na sociedade galega e española. Deteñámonos un momento no que Luhmann entende é a *realidade* dos medios de comunicación de masas (MM).

Os MM xorden cando é tecnicamente posible comunicar sen necesidade de que exista interacción cara a cara. O libro sería o primeiro gran MM. A televisión, a radio, a prensa e internet só *sistematizan, automatizan, multiplican e globalizan* esta interacción non presencial. Luhmann entende que os MM traballan definindo o que é información:

observan, no sentido antes sinalado de observación, en base a distinción noticia / non noticia, informable / non informable. Pero Luhmann engade que os MM xeneralizan ao mesmo tempo a sospeita sobre esa distinción, educando ás sociedades complexas na observación de segunda orde. Detémonos un momento nesta importante observación de Luhmann.

Poñamos un exemplo, un petroleiro afúndese nas costas de Galicia. Os MM deben decidir se ese acontecemento é, ou non, noticia. Esta sería unha primeira decisión definidora da realidade. Pero dada a multiplicación dos propios MM (péñese na cantidade de cadeas televisivas ou de periódicos) unha noticia é noticia, información, non só cando se define como tal, senón na medida na que se comunica recursiva e repetidamente. Luhmann apunta que o específico dos MM é introducir a sospeita sobre o que ofrecen como información; e, ao facer, xeneralizar a observación de segunda orde. ¿Que quere dicir isto? Simplemente que cando vemos un informativo da TVG xa sabemos como, quen e porque definiu a información, e decidimos en consecuencia crela ou non crela. A liberdade individual de tomar conciencia da distinción usada queda, na teoría de Luhmann, perfectamente definida (de aí que en Muxía volvera a ganar o PP).

Os MM operan en base a repeticións reiteradas para definir a realidade. Definen a realidade, afirma Luhmann, en coherencia cos outros subsistemas sociais: económico, político, educativo, etc. Non só deciden o que é noticia senón que o fan de xeito interesado, xeneralizando, non só a información, senón tamén a sospeita. “Quizás o resultado máis importante de estas consideracións (di Luhmann) é que os medios de masas constrúen a realidade, pero *non realidade que obrigue ao consenso*. Os media permiten, sen proba consistente, *a ilusión dunha realidade accesible ao coñecemento*”⁸. No exemplo do Prestige en Galicia, a consecuencia da teoría exposta sería que, os MM cumpren unha dobre función: asegurar a visión interesada do orden político que financia

⁸ Subraiado e traducción ó galego propias: Luhmann 2000 (1996): 132.

os informativos, e abrir a realidade a unha multiplicidade inesgotable de posibilidades. Construíron o desastre ecolóxico do Prestige sen obrigar o consenso pero mantendo o sistema social (político e económico vixente). Coa repetición das bondades da acción institucional construíron unha realidade non exenta de crítica, pero coherente e conservadora do sistema vixente. A clave da teoría de Luhmann aplicada ao exemplo está en que na sociedade complexa contemporánea esa construción da realidade fíxose abrindo unha inesgotable cantidade de posibilidades que, co tempo, poderían chegar a cambiar o sistema. Nunha linguaxe menos teórica, Luhmann afirma non terían razón nin o fatalismo da imposibilidade do cambio desde unha postura crítica co PP, nin o triunfalismo conservador. O sistema social é tan complexo, afirma Luhmann, que o cambio é sempre inevitable, e, tal vez para desgracia de moitos, non facilmente manexable na complexidade na que vivimos.

Os MM crean a autoobservación do propio sistema social, coa intención (¿educativa?) de que a comunicación futura sexa posible. Elaboran repeticións das comunicacións para que sexan no futuro presupostas, e, dese xeito, facer posible a *conservación* do sistema social vixente. Dalgún xeito, Luhmann apunta que os MM cumpren a función dos sistemas normativos nunha sociedade complexa altamente diferenciada (globalizada na terminoloxía máis común). Os MM ofrecen o que é público (cívico). Definen o cívico cunha diferenza esencial coa coerción legal: os MM non obrigan a aceptala definición do que é público; non o fan porque os MM xeneralizan a sospeita, e educan na observación de segunda orde. Ao facelo multiplican infinitamente as posibilidades. Fan inevitable o cambio ao intentar conservar a realidade.

Educación, cidadanía e comunicación de masas.

“¿*como* é posible aceptar as informacións sobre o mundo e sobre a sociedade como se foran informacións sobre a realidade, cando sábese *como* é producida esa información?” Luhmann 2000 (1996): 173.

Nesta comunicación temos sinalado tres contradicións, dúas ao inicio e a terceira, ao fío da teoría luhmaniana sobre os medios de comunicación de masas. Repasémolas e fagamos balance.

A primeira contradición relaciona a educación coa docencia na sociedade. É a contradición na que vive o profesor: debe ensinar nunha sociedade cun ritmo de cambio e unha complexidade tan grande que as expectativas que pretende transmitir, nunca poderán servirlle aos seus alumnos. Ensina uns contidos, uns valores e uns procedementos que quedan desfasados no mesmo momento de transmitilos. A contradición da súa labor está en que *ensinar é imposible ao mesmo tempo que imprescindible*. A labor docente pecha e abre o futuro das sociedades.

A segunda contradición relaciona a educación coa cidadanía. Está encerrada na definición contemporánea de cidadanía: se só individuos formados poden ser cidadáns, sendo función do poder promover a educación; a contradición está encerrada no carácter igualador en dereitos da propia educación: porque, ¿canta educación define a un bo cidadán?, ¿quen decide, en igualdade e democracia, o valor dos dereitos cidadáns? Os dereitos dos cidadáns dependen da educación ofertada polo poderes públicos nas chamadas democracias do ben-estar, poderes que gustan de manter a ignorancia nos límites que permitan a conservación das estruturas existentes. A contradición está en que *ser cidadán é unha labor case imposible aínda que imprescindible*. Os dereitos dos cidadáns abren e pechan as posibilidades do cambio social.

A terceira contradicción relacionaría a educación cos medios de comunicación de masas (MM). Segundo a teoría luhmaniana, os MM xeneralizan a información, fan permanente a dúbida sobre a mesma información e educan polo tanto na observación permanente. Funcionan ocultando e desvelando ao mesmo tempo. A súa función informativa é creadora de realidade: constrúen o que interesa ver e saber ao mesmo tempo que, dada a cantidade de medios e información, fan imposible unha visión unívoca da realidade. *Os MM informan ao mesmo tempo que desinforman*, e esta é a súa realidade contradictoria. Os MM abren e pechan o cambio social.

A modo de conclusión.

Penso que é necesario asumir estas contradiccións como constitutivas, tanto do feito de ser cidadáns, como do feito de ser profesionais da educación. E para asimilalas é imprescindible comezar a pensar, sen hipocrisías ben pensantes, desde un paradigma que esqueza as *nostalxias ideolóxicas* da esquerda ao tempo que mantén o valor crítico revolucionario da propia esquerda. É tempo xa de que nos tomemos en serio que:

1. **Toda observación supón unha definición da realidade.** Debemos *abandonar o mito do obxecto ontolóxico*, da realidade independente do observador, é necesario asumir as condicións de posibilidade da complexidade contemporánea. Non somos, estamos sendo na medida na que nos facemos mutuamente.
2. **Todo coñecemento é sempre social**, incluso o máis “obxectivo” e dende logo o filosófico. Debemos *abandonar o mito do coñecemento como representación* fiable e correcta de UNHA realidade, é necesario comprender as múltiples realidades e as súas condicións de posibilidade. Non somos sabios nin sacerdotes, somos buscadores do saber, dos saberes.

3. **Toda verdade é relativa a unha observación** e ás súas condicións de coñecemento. Debemos *abandonar o mito da verdade*, é necesario comprender as condicións de posibilidade das diferentes verdades intercambiadas en cada observación. Non somos deuses coa verdade, somos observadores críticos (comisarios políticos pois non todo vale).
4. **Todo esta en constante cambio e evolución.** Debemos *abandonar o mito da estabilidade e da permanencia*, é necesario comprender as condicións de posibilidade do inevitable cambio, *prepararse nel*. Non somos xestores do cambio, somos cambio.